



ARQUITECTURA GÓTICA



CONTEXTO HISTÓRICO, SOCIO-CULTURAL

O estilo gótico correspóndese coa etapa histórica da Baixa Idade Media. Xorde en Francia e difúndese por Europa. Cal era a situación no momento en que se desenvolve o Gótico??? Houbo toda unha serie de cambios con respecto a etapa anterior da Alta Idade Media:

1. Cambios na Poboación

- Un importante crecemento demográfico
- O rexordemento das cidades: As vilas xa non están baixo a autoridade feudal e disfrutan dunhas maiores condicións de liberdade, así que **se converten en focos de atracción para a poboación**. Renacen, aumentan e están gobernadas polos ricos comerciantes (poder municipal) que serán mecenas da arte.

2. Cambios na economía. Hai un **fortalecemento económico** xeral que repercutirá no auxe construtivo:

1. Revitalízase o comercio, tanto o local como o de longa distancia. Importantes cidades obterán beneficios con esta actividade e os grandes comerciantes amasarán fortunas
2. Revitalízase a actividade artesanal, xestionada polos poderosos gremios que reglamentan as condicións da produción, laborais...



3. Cambios na sociedade

- Un novo grupo adquire protagonismo: **a burguesía**, artesáns e comerciantes, enriquecidos co comercio e a artesanía .
- **MOI IMPORTANTE: Fortalecemento do poder monárquico.** Os monarcas van consolidando o seu poder fronte ao poder feudal dos nobres.

4. Cambios culturais

- **Aparición das universidades** que rematan co monopolio da Igrexa. Vinculadas ás vilas que rexorden (ex. Salamanca)
- **MOI IMPORTANTE: A Igrexa segue a ter o dominio cultural pero aparecen novas ordes como a do Císter ou ordes mendicantes como a dos franciscanos e os dominicos.** Estas modificacións repercuten na existencia **dunha relixiosidade máis humanizada** e próxima á natureza (**hai unha nova espiritualidade**). O mundo vese como unha obra de Deus e nel se amosa.

Polo tanto o estilo **gótico é o estilo dunha nova era, dunha nova sociedade europea**. Na súa difusión tiveron un papel fundamental os monxes cistercienses. Aínda que se estende entre o XII ata o XV, **o XIII é a época clásica do Gótico e cando se fan as obras máis salientables.**

Podemos concluír dicindo que si o

Románico= rural, feudal

Gótico = urbano e monárquico

COMENTARIO DA OBRA


OBRA: *CATEDRAL DE REIMS*, FACHADA OCCIDENTAL

AUTOR: VARIOS MESTRES, JEAN D'ORBAIS, JEAN LE LOUP, GAUCHER DE REIMS E BERNARD DE SOUSONS

CRONOLOXÍA: 1211-1311

ESTILO: ARQUITECTURA GÓTICA FRANCESA DO S.XIII.
GÓTICO CLÁSICO FRANCÉS

DIMENSIÓNS: 38M ALTURA NAVE CENTRAL E 86M.
AS TORRES



A imaxe representa un dos exemplos máis puros de catedral gótica francesa clásica xunto á de Chartres e Amiens. A actual catedral substitúe a unha catedral anterior arrasada polo lume. Tamén sufriu os bombardeos na I Guerra Mundial . Está feita en **material pétreo**.

IMPORTANCIA

Reims é un lugar de gran significado para a historia de Francia xa que, dentro do edificio, teñen lugar as cerimonia de consagración (coronación) dos reis de Francia; así que ten valor simbólico. Estamos ante unha obra que se realiza aproximadamente nuns setenta anos e na que se coñecen os nomes dos autores; catro mestres, grazas ao laberinto que decora a nave central.

É unha **fachada monumental**. É unha **fachada en H que podemos dividir en tres partes** :

- **Na parte inferior**


Posúe **tres portadas abucinadas** que dan acceso ás tres naves. As portas profundas, compóñense de **arquivoltas apuntadas** e rematadas en **gabletes**. Nos tímpanos colócanse **rosetóns** e nas xambas as **estatuas- columnas**.

- **No piso intermedio**

Na parte superior ábrese un gran rosetón e vans con tracerías caladas a través dos cales vemos os arcobotantes. Logo, por riba aparece a **característica galería de Reis** (con Clodoveo e os seus sucesores)

- **No piso superior**
Sobresaen as torres campanario, aínda que non teñen agullas, están decoradas e caladas.
- **Nos laterais (foto dabaixo)** hai a sucesión de contrafortes e arcobotantes e remates en pináculos que lle dan unidade ao conxunto. Así como tamén se ve a fachada do transepto (hastial).
- O edificio remata **en tellado a dúas augas moi apuntado**

Estas características que acabamos de describir son as propias que identifican á arquitectura gótica



En que destaca Reims?


É unha rica fachada cun delicado traballo escultórico. Unha das peculiaridades de Reims é a extraordinaria decoración escultórica e relevos, estendidos polas distintas fachadas (tres fachadas) nas que nos podemos atopar mais de 2.000 pezas: e nalgunhas delas temos as novidades da plástica escultórica gótica como no Anxo do sorriso do Grupo da Visitación. Como é un templo gótico tamén hai un grande protagonismo das vidrieiras nas que figuran impresionantes escenas relixiosas.




Planta

Típica do gótico

- É unha cabeceira macrocefálica ou hipertrofiada para acollida dos fieis que participaba nas pomposas cerimoniais de coroación.



- As naves están cubertas con bóvedas de **crucería** (cuatrimpartitas)



Elementos sustentantes

Son **piars compostos**, con **baquetóns** ata enlazar cos nervos das bóvedas.

Alzado (non van poñer esta imaxe)

No interior destaca a **esveltez** (propia do gótico) e a **altura** que se manifesta no seu alzado de tres alturas: **con triforio e claristorio**

- *Piso inferior: arcos apuntados formeiros,*
- *Piso medio: triforio (a tribuna románica) arcos apuntados e columnas.*
- *Piso superior: claristorio con grandes ventanais.*



Iluminación

Este interior acada unha das principais búsqueda do gótico: a **luminosidade**. O espazo reservado as **vidrieiras de cores** (azuis e vermellos) é abundante e destaca o gran rosetón central. *Na ábsida hai un valioso conxunto de vidrieiras deseñadas por Marc Chagall, contribución moderna ao edificio.*

MOI IMPORTANTE

En esta catedral amosanse todas as características da arquitectura gótica. Cales son???

1. É unha arquitectura **relixiosa e a catedral é a principal construción**. Cómpre dicir que no Gótico aparecen **novas tipoloxías constructivas** vinculadas as novas necesidades: concellos, lonxas, edificios da universidades, pazos.... **é dicir, civil**.
2. Son edificacións nas que se **busca a altura e a luz**, como dixemos xa.

(lemos este texto do abade Suger)

*A luz –segundo Suger- era a esencia mesma da divinidad. O interior- segundo Suger- era a representación da Xerusalén Celestial que segundo as escrituras era PURA TRANSPARENCIA. Para acadar a luz hai que eliminar obstáculos – muros- Deberán ser espazos brillantes e resplandecentes, á imaxe da Xerusalén Celestial. Na arte gótica adquire protagonismo a luz, que agora será real, física, e que se atrapa a través das numerosas ventás. Esta luz servirá tamén para desmaterializar os elementos e favorecer deste xeito a sensación de **ingravedez**.*

COMO ACADA O ARQUITECTO GÓTICO TODO O ANTERIOR? Grazas a usar unha **nova estrutura constructiva** que utiliza:

1. **Arcos apuntados**, que exercen menos presión que outros.
2. **Bóvedas de crucería**, que proporcionan máis altura.
3. **Soportes novidosos**, como piares con baquetóns ou os arcobotantes

Por iso é unha arquitectura que se define como: **arquitectura de esquelete**, onde **o muro perde a función sustentante e é substituído por ventás e vidrieiras**. O resultado son **espazos lixeiros, dinámicos e diáfanos**, como ocorre en Reims.

Conclusión

Despois do que acabamos de describir está claro que ***Reims exemplifica á perfección dunha obra gótica, unha típica catedral gótica francesa*** por:

- **Sistema de organización da construción**
- **Esvelteza das proporcións**
- **Ricas esculturas e vidrieiras**


O resultado final é un **resultado equilibrado e harmónico da linguaxe gótica** así como un edificio no que se **acada un gran sentido ascensional e iluminación**.

OBRA: *CATEDRAL DE LEÓN*, FACHADA OCCIDENTAL.

AUTOR: VARIOS MESTRES FRANCESES, ENRIQUE DE BURGOS E JUAN PÉREZ.

CRONOLOXÍA: SÉCULO XIII

ESTILO: ARQUITECTURA GÓTICA.



É a *catedral máis francesa de todas as españolas*. Mandada construír polo Bispo Martín Fernández cando reinaba Afonso X como **mostra do poder da monarquía cristiá fronte a ameaza dos musulmáns**. Ten como **modelo as catedrais francesas de Reims e Amiens**.

GÓTICO EN ESPAÑA Contextualización histórico-artística

En España hai que diferenciar entre o que ocorre en Castela e en Aragón. **Na Coroa de Castela hai influencia francesa** mentres que no reino de Aragón é outro tipo de gótico que se coñece como Mediterráneo. O Gótico desenvólvese durante os séculos XII ata o XVI.

Historicamente tiveron lugar acontecementos de gran transcendencia como a **finalización do proceso de Reconquista**, a apertura ó exterior dos reinos cristiáns peninsulares e **o matrimonio no século XV de Isabel de Castela e Fernando de Aragón**, que iniciaron o camiño cara a unidade política dos reinos peninsulares. É un dos **períodos máis fecundos da cultura española**. con monarcas como Alonso X o Sabio, a puxanza de universidades como a de Salamanca de sona internacional e, en xeral, arte e literatura viviron momentos de gran esplendor. Consérvanse numerosas obras artísticas desta época nas que se reflicte **unha linguaxe artística peculiar froito da fusión da tradición española con influencias externas: francesas, flamencas, ou italianas**.

Nestas datas **Al-Andalus só ocupa o Reino Nazarí de Granada**, que se mantivo independente grazas aos impostos que paga aos reinos cristiáns ata 1492 en que son definitivamente conquistados polos RRCC.

O século XIII é no que se constrúen as grandes catedrais de Castela: Burgos, Toledo e León.

Fachada

A fachada principal ten forma de H, como as francesas.

- No corpo central, triple portada na parte inferior (abucinada e moi decorada), triforio e notable rosetón e remate cun gablete con crestería, flanqueado por torretas.
- As torres son exentas pero unidas con arcobotantes ao corpo central.


Esta portada, como as francesas sostén unha importante decoración escultórica. Destaca a Portada da Virxe Branca coa figura da mesma no parteluz.



Planta

É unha planta de salón.

- De tres naves cun transepto de tres naves tamén, case no centro do edificio.
- Ten unha cabeceira moi ampla (macrocéfala) conformando cinco naves con xirola e cinco absides radiais que son poligonais por fóra.
- Aínda que é pequena, en comparación coas francesas, acada na súa nave central dúas veces e media a altura en relación a súa anchura co cal convértese **nunha catedral esvelta** (unha das características principais do gótico)



Alzado interno

O seu interior está moi iluminado. Ten tres andares ou niveis:

- Inferior: arcos apuntados separan as naves
- Triforio con arcos xeminados apuntados e formas lobuladas.
- Claristorio, con grandes ventanais, con vidreiras de impresionante colorido (ocres, púrpuras, amérelas, verdes..) que transforman o interior nun mundo inmaterial.



Cubertas

O interior está cuberto por **bóveda de crucería** que se **apoiá en piores con columnas adosadas** (baquetóns) de xeito que os **muros son substituídos por vidreiras**.



MOI IMPORTANTE (fíxate que poñemos o mesmo que en Reims)

En esta catedral amosanse todas as ***características da arquitectura gótica***. ***Cales son?***

1. É unha arquitectura ***relixiosa e a catedral é a principal construción***. Cómpre dicir que no Gótico aparecen ***novas tipoloxías construtivas*** vinculadas as novas necesidades: concellos, lonxas, edificios da universidades, pazos.... ***é dicir, civil***.
2. Son edificacións nas que ***se busca a altura e a luz***.

COMO ACADA O ARQUITECTO GÓTICO TODO O ANTERIOR? Grazas a unha nova estrutura construtiva que usa:

1. **Arcos apuntados**, que exercen menos presión que outros.
2. **Bóvedas de crucería**, proporcionan máis altura
3. **Soportes novidosos**, como piares con baquetóns ou os arcobotantes.


Por iso é unha arquitectura que se define como: **arquitectura de esquelete**, onde **o muro perde a función sustentante e é substituído por ventás e vidrieiras**. O resultado son **espazos lixeiros, dinámicos e diáfanos** como ocorre en Reims.

Conclusión

A catedral de León **exemplifica a perfección dunha obra gótica** ao estilo francés, por:

- **Sistema de organización da construción**
- **Esvelteza das proporcións**
- **Ricas esculturas e vidrieiras**


O resultado final é un resultado equilibrado e harmónico da linguaxe gótica así como un edificio no que se acada un gran sentido ascensional e iluminación. Convértena nun dos mellores exemplos de arquitectura gótica na península.






O século XIII é no que se constrúen as grandes catedrais de Castela: Burgos, Toledo e León. Estas tres catedrais seguen as pautas do gótico francés e nela traballaron mestres franceses.

***A Catedral de Burgos** foi iniciada no 1221 co apoio de Fernando III o Santo. Ten planta de cruz latina con tres naves e xirola. Externamente recorda ás francesas. As torres son do XV obra de Juan de Colonia, o mesmo que o ciborio.*



A Catedral de Toledo, tamén do século XIII, foi construída sobre unha antiga mesquita o cal influíu na súa planta, que é basilical, de cinco naves e un transepto que non sobresaí. Dobre xirola. No interior conserva elementos de influencia musulmá, como os arcos lobulados.




No século XIV a actividade construtiva en España céntrase no Mediterráneo (Balears, Cataluña e reino de Valencia). Realizarán unha arquitectura gótica tamén pero cunha tendencia ó uso de plantas de salón, cubertas planas e ventanais reducidos. Asemade hai un maior auxe da arquitectura civil que en Castela, propio da intensa actividade comercial e do auxe da burguesía. Entre exemplos construtivos desta zona está: Catedral de Barcelona, Santa María del Mar, Catedral de Xirona e a Catedral de Palma de Mallorca.




CATEDRAL DE BARCELONA



CATEDRAL DE PALMA DE MALLORCA





SANTA MARÍA DO MAR (BARCELONA)

No século XV e XVI constrúense as de Sevilla, Salamanca e Segovia (gótico tardío).



CATEDRAL DE SEVILLA



CATEDRAL DE SALAMANCA

LER Como son o resto dos elementos da arquitectura gótica?

As plantas

- *Aumentan de tamaño e poden ser de cruz latina ou **plantas de salón**.*
- *As cabeceiras aumentan ante as necesidades e son **macrocefálicas**.*
- *Teñen ábsidas con moitas capelas radiais.*

Os alzados

Vanse complicando a medida que evoluciona o estilo: hai arcadas, triforio e claristorio como xa describimos en Reims, buscando sempre a iluminación e a altura.



As fachadas


- Adoitan ser **monumentais** como a de Reims.
- As catedrais góticas soen **estar flanqueadas por torres**.
- **Moita decoración** característica do gótico (galerías con escultura, gabletes, pináculos, rosetóns, tracerías, esculturas adosadas con doseletes, esceas narrativas en franxas, motivos variados, máis naturalista que os románicos...)
- As fachadas laterais tamén **se potencian: son os hastiais**.
- Os tellados apuntados e a dúas augas.
- **Os pináculos, as agullas e os ciborios axudan a acentuar a verticalidade**.



HASTIAL E CIBORIO (NOTRE DAME DE PARÍS)



TRACERÍA (BURGOS)




CONTRAFORTES E ARCOBOTANTES (PARÍS)




PINÁCULOS E AGULLAS (PARÍS)

Gótico europeo

En 1163 constrúese a **Catedral de Notre Dame en París** que ten cinco naves e capelas laterais. Ten a fachada na característica H do gótico francés con torres campanario de remate plano.



A Catedral de Chartres faise no XII, en 1197, e presenta na fachada o Pórtico Real que da acceso á nave central, un segundo corpo co triforio, por riba o gran rosetón o remate coa galería de reis. A fachada está flanqueada por torres campanarios que rematan en chapitel pero son de distinta época: da dereita é de estilo románico e a da esquerda pertence ao gótico do XVI. A planta é de cruz latina con tres naves que se converten en cinco a partir do transepto. Ten cinco capelas absidiais.



*A partir do século XIII, o gótico evoluciona cara a busca da eliminación do muro, para substituílo por superficies acristaladas, chamado **gótico radiante** polos fins radios das tracerías, do que é exemplo a Saint Chapelle de París. No XV teremos o **gótico flamíxero** onde as formas se alongan, é a barroquización do gótico.*



GÓTICO RADIANTE (SAINT CHAPELLE DE PARÍS)




GÓTICO FLAMÍXERO (SAINT ETIENNE)

En **Italia** o gótico é particular, diferente ao francés, quedou en influencias formais (arcos apuntados, gabletes) pero seguiron usando o muro e recubriron os exteriores con mármore de cores. A Catedral de Siena do XIII, Sta. María das Flores en Florencia ou a Catedral de Milán do XIV de maior influencia europea.



CATEDRAL DE SIENA



CATEDRAL DE MILÁN

O **gótico inglés** é tamén particular, son características as fachadas horizontais e chega a ser moi decorativo (bóvedas de abanos) un exemplo é a Catedral de Gloucester ou a Abadía de Westminster, ou a Bóveda do Kings College de Cambridge.



CATEDRAL DE GLOUCESTER



ABADÍA DE WESTMINSTER

O **gótico alemán** caracterízase por perduran as formas románicas con edificios de altas agullas e naves moi elevadas. entre os exemplos está a Catedral de Colonia.

O **gótico flamenco** desenvólvese sobre todo no XIV e XV. constrúense obras como o Concello de Bruxas ou o de Bruselas e catedrais como a de Amberes.



CATEDRAL DE COLONIA (ALEMANIA)



CONCELLO DE AMBERES (BÉLGICA)